

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 27 de abril de 2015.

HORA DE COMEZO: 13:30 h.

HORA DE REMATE: 14:35 h.

ASISTENTES: Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a M^a Lucía Lede Fernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 16 DE MARZO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 16 de marzo de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 23 DE ABRIL DE
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura

Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 21.531.-LICENZA MUNICIPAL Nº 20.925.- A Alca2004 S.L. modifícaselle a referida licenza no sentido en que a vivenda sita na parcela 6, de acordo co proxecto reformado visado o 4 de abril de 2.012 queda coas seguintes superficies construídas: 134,19 m2 de soto, 110,78 de planta baixa e 85,54 m2 de primeiro andar. Igualmente a Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada do cambio de titularidade da referida licenza no que respecta a parcela 6 que figuraba a nome de Peymourou S.L. e a partir desta data pasa a Alca2004 S.L.

EXPEDIENTE Nº 25.351.- A José Martínez Soage e Patricia Figueroa Iglesias, para en Gruncheiras - Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda de 110,97 m2 de planta baixa, 12,97 de terrazas, 26,70 de caseta e 24,00 metros de cerco, de conformidade co proxecto básico dos arquitectos David Pórtela Alonso e Vanesa Regengo Alonso, visado con data 19 de decembro de 2.014 e 17 de febreiro de 2.015 e a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada

con data 24 de setembro de 2.012.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 3.935,82 euros.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.745.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR MARCOS ALFAYA CARIDE.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal,

con data 21 de abril de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Marcos Alfaya Caride, para ampliación de vivenda, sita en Piñeiro 18 - Aldan, construída o abeiro da licenza municipal N° 23.140. b) Asimesmo aprobábase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 24.034.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR ANA MARIA CAMAÑO PIÑEIRO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 21 de abril de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Ana Maria Camaño Piñeiro, para vivenda, sita en Parada Coiro, construída o abeiro da licenza municipal N° 23.000. b) Asimesmo aprobábase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 24.677.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR ROI GARCIA BERNAL.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, can data 21 de abril de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Roí Garcia Bernal, para vivenda, sita en Mendiña - Aldan, construída o abeiro da licenza municipal N° 23.603. b) Asimesmo aprobábase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.3) EXPEDIENTE N° 10/2012.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE MAIO DE 2013 RECAÍDO NO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INCURSIÓN EN FORA DE ORDENACIÓN

EXPEDIENTE N° 10/2012.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE MAIO DE 2013 RECAÍDO NO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INCURSIÓN EN FORA DE ORDENACIÓN.- A Xunta de Goberno Local, acorda:

Desestimar o recurso de reposición interposto por MARIA TERESA EIRAS CRIADO contra a o acordo da xunta de goberno local de data 6 de maio de 2013, recaído no expediente de declaración de incursión en fora de ordenación 10/2012, polo que se acorda o arquivo do expediente tramitado para a declaración da incursión en fóra de ordenación da edificación sita en Pintens-Hío (referencia catastral 36008A005007870000JE) ó non cumprirse un

y

dos requisitos esenciais que establece a Disposición Transitoria 3o da Lei 2/2010, vista a Resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia na que se declara que a edificación está situada en zona de servidume de

protección de costas mariñas de data 22 de abril de 2013 e que polo tanto non* lie resulta de aplicación o disposto nesta Transitoria, confirmando dito acordo en tódolos seus términos

SEGUNDO.- Notificar este acordo ós interesados.

Contra o apartado primeiro desta resolución, que é definitivo en vía administrativa, cabe interponer recurso contencioso- administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.º.3o da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da,xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación , segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- O tramitado a instancia de Benito de la Iglesia Blanco para acondicionamento do adro da Igrexa de San Salvador de Coiro, tense por desistido da solicitude inicial de data 13 de abril, de conformidade co disposto no art. 90 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xuridico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

EXPEDIENTE Nº 24.660.- O tramitado a instancia de Consuelo Bermudez Rodriguez, para legalización e ampliación de galpón en Gondaran - Coiro, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o seu escrito de 17 de xaneiro de 2.014.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.288.- Carlos González Varela, colocación portal en Igresario 65 - Hio. ^'Xm.^CJV-lu^M ^foyárvu^

EXPEDIENTE Nº 25,384.- Maria Gloria González Otero, mellora de rampa de acceso e colocación portal en Vilanova - Hio.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 38/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 16.4.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 38/2014, que é como segue:

"EXPEDIENTE N° 38/2014

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar da Rocha, nº 21-San Pedro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar o realzado de cuberta para xerar un aproveitamento baixo cuberta en aproximadamente 110 m²., con remate de paneis sándwich acabados en forma de tella abeirada en comunicación previa 24040.

Resultando que o día 16 de abril de 2015, a inspección de obras informa que, Juan Villar Sa, ten concedida licenza de obras maiores para a legalización dunha ampliación de aproveitamento baixo cuberta de 87,00 m²., de conformidade co proxecto do arquitecto, José Luis Domínguez González, visado o 16 de decembro de 2014. A que abeira as obras polas que foi incoado o expediente de restauración da legalidade urbanística nº 38/14, a nome de Juan Villar Sa.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Juan Villar Sa, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduceiráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D.

1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no

Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 38/2014.

4.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 17/2009-S

Dase conta de proposta do instructor do día 21.4.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 17/2009-S, que é como segue:

"PROPOSTA DO INSTRUCTOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL Expediente sancionador 17/2009-S

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de maio de 2015, iniciouse expediente sancionador nº 17/2009 a ARMANDO TRONCOSO CURRÁS, pola instalación de pilares de ferro de 5,30 m. para armazón de ponte guindastre, no lugar de Miranda- Coiro.

Segundo.- O interesado solicitou, o día 23 de xuño de 2014, a suspensión do expediente de referencia en tanto non se resolvese o expediente de incursión en fóra de ordenación en trámite. Dito expediente resolveuse por Resolución del Alcaldía do día 20.11.2014, declarando as edificacións sitas en Miranda, nº 8-Coiro (referencia catastral 36008A04200990000JJ, 36008A042000980000JI, e D31304100NG18B0001KJ) dedicadas a transformación de pedra desta localidade incursas en situación de fóra de ordenación, de conformidade co previsto na DT 3o da lei 2/2010, do 25 de marzo, motivado nas seguintes circunstancias:

1.- non terse executado dito inmovible en terreos cualificados polo planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento.

2.- Execerse nesta un uso industrial continuado sen licenza.

3.- resultar acreditado que o uso vense desenvolvendo no referido lugar desde antes do 1 de xaneiro de 2003. O recoñecemento do cumprimento dos requisitos previstos na disposición non supón a legalización do construído.

Terceiro.- O pasado 16 de febreiro de 2015 remitiuse proposta de sanción do expediente de referencia, concedéndolle ao interesado un prazo de quince días para formular alegacións.

Cuarto.- Durante o prazo conferido ao efecto ARMANDO TRONCOSO CURRÁS presenta escrito de alegacións o pasado 13 de marzo de 2015, rexistro de entrada no concello o nº 3181, no que, en síntese manifesta :

** Solicita o arquivo do expediente sancionador en trámite deixando este sen efecto, ao tempo que solicita a legalización das obras executadas no lugar de Miranda-Coiro, consistente na instalación de pilares de ferro de 5,30 m., para armazón de ponte guindastre e a apertura dun período de proba para acreditar a legalidade das obras executadas.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- Compróbase a efectiva tramitación do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 17/2009, polas obras realizadas por ARMANDO TRONCOSO CURRÁS, consistente na instalación de pilares de ferro de 5,30 m. para armazón de ponte guindastre, no lugar de Miranda-Coiro, sen licenza municipal que rematou por Resolución de Alcaldía do día 15 de xullo de 2009, concedendo un prazo de tres meses para regularizar a situación, e tras non regularizarse esta por resolución do día 15 de decembro de 2009, ordenouse a retirada desta, concedendo ao efecto un novo prazo de tres meses.

A licenza de obras solicitada para regularizar a situación o día 7 de maio de 2009, denegouse por acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2014, ao tratarse dun uso non autorizable pola ordenanza de aplicación, SNUA e o artigo 28 da LOUG.

2º.- Segundo o establecido no artigo 216 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: 'toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións aos responsables, así como, a obrigação de resarcimento dos danos e indemnizacións das perdas a cargo deles, todo isto con independencia das medidas establecidas na sección anterior' (sección que alude á protección da legalidade urbanística).

Así mesmo, 'En ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada ou a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.

3º.- Resultando que da acta de inspección que consta no expediente do día 25 de febreiro de 2009, que goza de valor probatorio, de conformidade co disposto no artigo 111 do Regulamento de Disciplina Urbanística, Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, se constata a instalación de pilares de ferro de 5,30 m. para armazón de ponte guindastre, no lugar de Miranda-Coiro, sendo dita obra ilegalizable segundo informe do arquitecto municipal de data 19 de maio de

2014 e que estas non foron retiradas como o propio denunciado recoñece no seu escrito de alegación.

4º.- As alegacións formuladas se sintentizan nos seguintes aspectos:

4.1.- Vulneración do principio non bis in idem ó indicar que xa se lie incoaron outros expedientes sancionadores mediante as resolución de Alcaldía de data 15 de xullo e 15 de decembro de 2009.

Tanto a Resolución de Alcaldía do día 15 de xullo de 2009, concedendo un prazo de tres meses para regularizar a situación como a Resolución do día 15 de decembro de 2009, pola que se ordenaba a retirada da instalación forman parte do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 17/2009, non do expediente sancionador; trátase de dous procedementos independentes e autónomos polo que a alegación formulada neste senso debe ser desestimada. Nestas resolucións o único que se ordena é que por parte do departamento correspondente se incoe expediente sancionador, sen que nesas resolución se incoe expediente sancionador ningún.

4.2.- Infracción do artigo 13.1 b) do regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, causándose así indefensión, xa que non contén preceptos mínimos.

O Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade sancionadora dispón no seu artigo 13.1 b).

"A iniciación dos procedementos sancionadores se formalizarán co contido mínimo seguinte:

- a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.
- b) Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidieran corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.
- c) Instrutor e, no seu caso, secretario do procedemento, con expresa indicación do réxime de recusación destes.
- d) Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúa tal competencia, indicando a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8.
- e) Medidas de carácter provisional que teñan acordado polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante este de conformidade co artigo 15.

f) *Indicación do dereito a formular alegacións á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.'*

A resolución recorrida cumpre coas determinacións previstas no Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, polo que a alegación presentada debe ser desestimada neste punto.

4.3.- Sinala a alegación que na resolución de incoación se cita o Regulamento de disciplina urbanística, como norma legal a seguir a tramitación do expediente sancionador en curso, o que invalida o procedemento.

Vista a Resolución de incoación do día 8 de maio de 2014, dita alegación debe ser desestimada, unicamente faise mención do Regulamento de disciplina urbanística para tipificar a infracción e sinala a súa cuantía. O procedemento sancionador tramitouse de conformidade co establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora dispón no seu artigo 13.1 b).

4.4.- Inténtase xustificar nas alegacións formuladas que as obras realizadas se fixeron sen licenza porque ao non ter contestación ao seu pedimento de licenza, executaron estas perante o silencio da administración e ao existir un informe do aparelador municipal no que indicaba que as obras poderían ser legalizables.

Esta alegación resulta desvirtuada xa que a licenza foi solicitada o 7 de maio de 2009, con posterioridade á realización das obras. Así mesmo a acta de inspección que consta no expediente de restauración, na que da por rematadas a instalación de pilares de ferro de 5,35 m. para armazón de ponte guindastre, sen licenza, no lugar de Miranda, nº 8-Coiro, é de 25 de febreiro de 2009 é data 25.02.2009. Así mesmo, no expediente informe da policía local do día 24-02-2009, e denuncias veciñais dos días 23 e 26 de febreiro de 2009 polas obras executadas, e polas que se incoa este expediente sancionador.

Cómpre lembrar neste punto o contido do artigo 216 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: 'toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións ós responsables, así como, a obriga de resarcimento dos danos e indemnizacións das perdas a cargo deles, todo isto con independencia das medidas establecidas na sección anterior' (sección que alude á protección da legalidade urbanística).

Así mesmo, recórdaselle o contido da resolución pola que se declara a situación de incursión en fóra de ordenación da nave, sinalaba expresamente que o recoñecemento do cumprimento dos requisitos previstos na disposición non supón a legalización do construído.

4.5.- *Solicita o interesado a apertura dun periodo de proba a fin de practicar unha proba pericial que acredite a posible legalización das obras.*

Este período de proba declárase innecesario ao considerarse que se solicita para facer valer dunha nova situación sobrevida, como é a resolución de alcaldía pola que se declara expresamente a situación de fóra de ordenación de edificacións sitas en Miranda, nº 8-Coiro (referencia catastral 36008A04200990000JJ- 36008A042000980000JI e D31304100NG18B0001KJ) dedicadas a transformación de pedra desta localidade incursas en situación de fóra de ordenación, de conformidade co previsto na DT 3o da lei 2/2010, do 25 de marzo. Lémbrese que en dita resolución xa se indicaba expresamente que o recoñecemento do cumprimento dos requisitos previstos na disposición non supón a legalización do construído.

Visto que as alegacións formuladas non desvirtúan os feitos probados no expediente polo exposto, PROCEDE:

** Desestimar o pedimento formulado por ARMANDO TRONCOSO CURRÁS, para aperturar un periodo de proba a fin de practicar unha proba pericial que acredite a posible legalización das obras o que declarase innecesario polas razóns expostas e DESESTIMAR igualmente as alegacións formuladas, ao resultar probado a realización dunhas obras sen contar con licenza municipal para iso, e continuar coa tramitación do expediente sancionador."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor referente ao expediente de infracción urbanística nº 17/2009-S.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA

Examinada a proposta de resolución do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 22.4.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a D/Don: R.G.C. ,co nº de expediente: 36008/02/002413, o Programa Xantar na Casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este.*

Data prevista de alta no Programa Xantar na Casa: maio de 2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

ESTATÍSTICA

6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/REMISIÓN AO INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA DE RELACIÓN DE NOVAS RÚAS NA PARROQUIA DE ALDÁN

Asunto: Envío ao Instituto Nacional de Estatística, INE, do rueiro da parroquia de Aldán.

XUNTADE GOBERNO LOCAL

O Concello Pleno, de data 29/09/2006, entre outros acordos, acordou aprobar a proposta de actualización de novo rueiro, o listado de rúas e a súa denominación, a nova numeración de vivendas e solares e a nova planimetría. Así mesmo, acordou dar traslado deste acordo ao Instituto Nacional de Estatística e aos departamentos municipais afectados.

Feito e rematado o traballo de nomear as rúas, colocación de placas, e numerar tódalas vivendas, segundo os nomes, números e planimetría aprobada no Concello Pleno de data 29/06/2006, na parroquia de Aldán. (Segundo a toponimia local e criterio dos veciños, asociacións de veciños e o propio Concello).

Proponse comunicar ao INE, Instituto Nacional de Estatística, a relación de novas rúas na parroquia de Aldán, segundo a relación que se xunta, e remitir a documentación necesaria (impresos alta e planimetría) para dalas de alta. Así mesmo, acordase aprobar a nova denominación das rúas xa existentes e o envié ao INE para a súa modificación.

Comuniquése estes cambios, unha vez autorizados e realizados, aos departamentos do Concello e aos organismos públicos que o precisen.

Proposta de acordo da Alcaldía

RELACIÓN DE VIAS QUE MODIFICAN TOTAL OU PARCIALMENTE A SÚA DENOMINACIÓN:

| TIPO VIA | NOME | TIPO VIA | NOME ANTERIOR | LUGAR |
|----------|----------|----------|---------------|-----------|
| RÚA | AREACOVA | CAMINO | AREACOVA | ESPIÑEIRA |

| | | | | | |
|--------|-----------------------------------|-----------|---------------------------|---------------------|------------|
| RÚA | BAIXADA O MUELLE | CAMINO | BAIXADA O MUELLE | ESPIÑEIRA | |
| RÚA | CAMINO VELLO | CAMINO | VELLO | GANDÓN | |
| RÚA | CASÁS() | CAMIÑO | CASAS (DOS) | ESPIÑEIRA | |
| RÚA | CENTRO | ESPIÑEIRA | CAMIÑO | CENTRO DE ESPIÑEIRA | ESPIÑEIRA |
| RÚA | CAMIÑO DO MONTE DE SAN CIBRÁN | | CALLE MONTE DE SAN CIBRÁN | | SAN CIBRÁN |
| CIBRÁN | | | | | |
| RÚA | ESTRADA DE BUEU (ALDÁN) | | CTRA. BUEU | | |
| RÚA | FONTAIÑA | CAMINO | FONTAIÑA A ROZABALES | | |
| RÚA | LONTREIRA | CALLE | LONTREIRA | SAN CIBRÁN | |
| RÚA | OBISPO CERVIÑO | PLAZA | OBISPO CERVIÑO | SAN CIBRÁN | |
| RÚA | OUTEIRO DE HERBELLO (DO) | CAMINO | OUTEIRO | HERBELLO | |
| RÚA | BAIXADA A FRANCÓN | BAIXADA | FRANCÓN | MENDUIÑA | |
| RÚA | MENDUIÑA | CAMINO | MENDUIÑA | MENDUIÑA | |
| RÚA | FONTE DE GANDÓN | CAMINO | FONTE GANDÓN | | |
| RÚA | COSTA (DA) | CAMINO | FONTAIÑA A ROZABALES | MENDUIÑA | |
| RÚA | COMARIÑO | CAMINO | COMARIÑO | MENDUIÑA | |
| RÚA | DEVESA | CAMINO | NOVO A DEVESA | GANDÓN | |
| RÚA | HERBELLO A MAGDALENA | | CTRA. HERBELLO | PIÑEIRO (0) | |
| RÚA | BACELAR | CAMINO | BAXELAR | PIÑEIRO (0) | |
| RÚA | OUTEIRO DE MENDUIÑA | CAMINO | OUTEIRO | MENDUIÑA | |
| RÚA | PIÑEIRO (DO) | CAMINO | PIÑEIRO | PIÑEIRO (0) | |
| RÚA | ESTRADA BAIXADA PRAIA DE MENDUIÑA | | CTRA. PRAIA | | MENDUIÑA |
| | MENDUIÑA | | | | |

RELACIÓN DE NOVAS VÍAS PARA DAR DE ALTA NO INE: C

TIPO VIA NOME LUGAR

| | | |
|-----|-------------------------|---------------|
| RÚA | CAMINO DA COSTA | SAN CIBRÁN |
| RÚA | CHAN (DA) | HERBELLO |
| RÚA | COVA DAGALIÑA | SAN CIBRÁN |
| RÚA | FERRUXIÑA (DA) | HERBELLO |
| RÚA | FONTE DA ESPIÑEIRA (DA) | ESPIÑEIRA (A) |
| RÚA | INSUA (DA) | ESPIÑEIRA (A) |
| RÚA | LAXE DA FOLGUEIRA | HERBELLO |
| RÚA | MEDIO DA ALDEA (DO) | HERBELLO |
| RÚA | RÍO DA CANLE (DO) | HERBELLO |
| RÚA | HERBELLO A MAGDALENA | HERBELLO |
| RÚA | PARDELLAS (AS) | HERBELLO |
| RÚA | PEPE DURAN | ESPIÑEIRA (A) |
| RÚA | PONTILLÓN (DO) | HERBELLO |
| RÚA | MOSCALLOS (DOS) | MENDUIÑA |
| RÚA | BARREIRIÑO | MENDUIÑA |
| RÚA | BARREIROS | MENDUIÑA |
| RÚA | BOUZAS (DAS) | MENDUIÑA |
| RÚA | CAMIÑO PIAS | MENDUIÑA |
| RÚA | CON DO RAMIL | GANDÓN |
| RÚA | COSTA DA AREA | MENDUIÑA |
| RÚA | FONDELO | MENDUIÑA |
| RÚA | FONTAIÑA | PIÑEIRO (0) |
| RÚA | FONTEGAFÁ | MENDUIÑA |
| RÚA | RAPOSIÑO (DO) | MENDUIÑA |
| RÚA | OUTEIRO AGUDO | MENDUIÑA |
| RÚA | PARDELLAS | PIÑEIRO (0) |
| RÚA | PONTILLÓN (DO) | PIÑEIRO (0) |
| RÚA | PORTIÑA DO SOL | MENDUIÑA |
| RÚA | RAVANDEIRA | MENDUIÑA |

RÚA REMUIÑO PIÑEIRO (0)
RÚA SAN AMARO MENDUIÑA
RÚA SANTAS (DAS) GANDÓN-PIÑEIRO (0)
RÚA SARTAXENS MENDUIÑA
RÚA SEARA GANDÓN
RÚA SOCOTELO MENDUIÑA
RÚA TARTOUCIDO PIÑEIRO (0)
RÚA LAXE DA SANTIÑA PIÑEIRO (0)
RÚA BUSACO PIÑEIRO (0)
RÚA MACEIRA (DA) ESPIÑEIRA

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 20 TRABALLADORES DO "SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2015"

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSONAL RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE VINTE TRABALLADORES DO "SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2015" SEGUNDO RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE DATA 15/04/2015.

A Consellería de Traballo e Benestar, en resolución de data 15 de abril de 2015, aprobou subvención ao Concello de Cangas para a contratación de 20 traballadores/as en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, para a realización do "Servizo de Integración Concello de Cangas 2015", segundo o establecido na Orde do 31 de decembro de 2014 (DOG 12/01/2015).

Este servizo ten que iniciarse no prazo máximo dun mes desde a data de notificación da resolución pola que se conceda a subvención, polo que propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aproba-las bases de selección para a contratación de 20 traballadores/as en situación ou risco de exclusión social perceptores de Risga, para a realización do "Servizo de Integración Concello de Cangas 2015", bases que como anexo se achegan xunto coa presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto ñas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

A N E X O:

BASES PARA A SELECCIÓN DE VINTE TRABALLADORES DO "SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2015" SEGUNDO RESOLUCIÓN

DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE DATA 15/04/2015 AO ABEIRO DA ORDE DE 31 DE DECEMBRO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2015.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 20 traballadores, para o "Servizo de integración do Concello de Cangas 2015" distribuídos do xeito que a continuación se pormenorizan:

- 3 conserxes de edificios públicos
- 2 conserxes de instalacións deportivas
- 4 peóns de limpeza viaria
- 4 peóns limpadores de edificios públicos
- 3 peóns forestáis
- 1 condutor
- 2 auxiliares administrativos
- 1 peón albanel

Respecto ás retribucións, a cuantía do salario bruto mensual, incluída a prorrata de pagas extra, que percibirían os traballadores/as contratados/as, por un período de 7 meses, a tempo parcial do 75% da xornada (28 horas semanais e sete minutos), ascendería as seguintes cantidades:

| POSTO DE TRABALLO | SALARIO BRUTO MENSUAL (INCLUIDA P.P.E) |
|----------------------------------------|----------------------------------------|
| conserxes de edificios públicos | 1.063,13€ |
| conserxes de instalacións deportivas | 1.063,13€ |
| peóns de limpeza viaria | 1.063,13€ |
| peóns limpadores de edificios públicos | 1.063,13€ |
| peóns forestáis | 1.063,13€ |
| condutor | 1.182,13€ |
| auxiliares administrativos | 1.182,13€ |
| peón albanel | 1.063,13€ |

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de traballo temporal, de interese social, a tempo parcial.

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Non se require titulación académica específica (DA 7§ EBEP), excepto no caso dos/as auxiliares administrativos/as, que deberán estar en posesión do título de graduado en ESO ou equivalente.
- O conductor deberá estar en posesión do permiso de conducir C1 ou equivalente.
- Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM, e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.
- Ser perceptor da Risga e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. (Artigo 10 da Orde 31/12/2014 da Consellería de Traballo e Benestar).

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no artigo 10 da Orde 31/12/2014 da Consellería de Traballo e Benestar.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo debendo presentarse para a entrega das presentes bases de cara ao inicio do proceso selectivo ,o vindeiro luns 4 de maio de 2015 ás 10 h da mañán no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos no prexulga que se lie recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior á realización do proceso de selección poderá exuírse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

Os aspirantes, na reunión na que se He faga entrega das bases de acordo co establecido na base anterior, serán convocados para a realización das diferentes probas en función dos postos para os que foron preseleccionados con indicación do día, hora e lugar na que deberán estar presentarse para a realización do chamamento e posterior realización dos exercicios da fase de oposición de cada categoría, de acordo eos criterios de distribución que estableza o Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CUAUFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez

SECRETARIA: Carmen Fandiño Docío

Vocal 1ª: Mª Carmen Rodal Sotelo

Vocal 2ª: Carmen Gamarra Gamarra

Vocal 3ª: Isabel Piñeiro Portela

Suplente indistinta: María de los Ángeles Fernández López

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración ñas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

O Sistema de selección desenvolverse de acordo co seguinte esquema: PROBA DE OPOSICIÓN.

A proba da oposición consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal relativos as técnicas de traballo e ferramentas a utilizar polos peóns en cada servizo, técnicas de traballo, uso de medios técnicos como teléfono, fotocopiadora e similares e coñecementos de informática a n ve usuario para os conserxes de edificios públicos, coñecementos básicos de carpintería, xardinería, electricidade e fontanería para os conserxes de instalacións deportivas e coñecementos de informática e procedementos administrativos básicos para os auxiliares administrativos.

A puntuación máxima por esta proba será de 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para non resultar eliminado do proceso selectivo.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lie permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. O Tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas. Os aspirantes declarararán se cumpren eos requisitos da convocatoria e a continuación dirixiranse ao lugar sinalado polo Tribunal para a realización da proba.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este destarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no

artigo 10 das bases reguladoras antes citadas, que establece que "Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 25 anos e os que teñan cargas familiares", seguindo estritamente ese orde, en base aos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, os que conté o Concello e, de ser preciso, a documentación que os membros do tribunal lie requiran para acreditar os criterios de preferencia antes descritos. De persistir o empate procederase a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios, útiles ou incidencias de traballo en-cada servizo eos aspirantes empatados.

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cuberías por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50 % do total posible que serían chamados por orde de puntuación.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web dende a data da súa aprobación, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin o procedemento.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA - INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do-proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Asi mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS

Dáse conta de proposta do día 22.4.15 da concelleira de persoal e participación veciñal, referente a aprobación de bases e convocatoria de 2 prazas de técnico/a de turismo para as oficinas de turismo de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DO 18/12/2014 (DOG nº 12 de 20/01/2015))

Visto o contido da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia, por resolución do 18/12/2014 (DOG nº 12 do 20/01/2015) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.

Visto que o Concello de Cangas solicitou e foille concedida unha subvención para a contratación nos termos da convocatoria citada de dous traballadores por 3,5 meses.

En consideración ao anteriormente exposto propono a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de 2 técnicos/as de turismo para as oficinas de turismo do Concello de Cangas, ao abeiro da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución do 18/12/2014 (DOG nº 12 de 20/01/2015). Bases que achegan como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación das persoas seleccionadas.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas."

ANEXO:

"BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DO 18/12/2014 (DOG Nº 12 DO 20/01/2015)

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMADE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 2 técnicos/as para as oficinas de Turismo para o Concello de Cangas, polo sistema de oposición libre con base á concesión ao Concello de Cangas da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución do 18/12/2014 (DOG nº 12 de 20/01/2015) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.

A contratación será de carácter laboral temporal por un período de tempo comprendido entre o 15 de xuño ao 30 de setembro, na modalidade de acumulación de tarefas ligadas ao financiamento derivado do outorgamento da subvención antes citada.

Ás persoas seleccionadas seralles da aplicación o acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español ou atoparse comprendido no eido subxectivo referido no art. 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido nas bases para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias.*

Técnico superior en Información e Comercialización Turística ou técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística; técnico en Empresas e Actividades Turísticas, ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.

g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (12,78 euros). (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do concello).

h) Estar desempregado/a.

TERCEIRA- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS

Os/As que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que achega ás presentes bases dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral, no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no taboleiro de anuncios, en horario de atención ao público.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración, polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do concello ou o tribunal de selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/ as interesados/as presentarán as súas solicitudes achegadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que achega ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.*
- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.*
- Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.*
- Fotocopia cotexada da tarxeta de demandante de emprego en vigor.*

- *Resguardo acreditativo de ter satisfeito as taxas.*

Toda a documentación non orixinal aportada deberá presentarse debidamente cotexada.

CUARTA- Admisión dos/as aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da casa do concello.

Os/As aspirantes excluídos disporán de 3 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro de anuncios da casa do concello.

QUINTA.- Tribunal cualificador

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal, así como, a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da casa do concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA- Sistema de selección

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización dun exame tipo test de 40 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado

provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos, sendo a puntuación máxima 10 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá catro preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates, en primeiro lugar no seu conxunto e despois, de persistir o empate, tomando en consideración cada pregunta reserva illadamente e na orde pola que foran formuladas de tal xeito que quedará supeditado/a aquel aspirante empatado que por esa orde cometese o primeiro falle antes, finalmente de persistir o empate o tribunal realizará unha serie de preguntas adicionais aos aspirantes nesta situación sobre o contido do temario ata desfacer este.

TEMARIO

- 1. A Administración local. O municipio, concepto, elementos e organización.*
- 2. Normativa xeral e autonómica en materia turística.*
- 3. A ordenanza de uso e disfrute das praias do termo municipal de Cangas (BOP 25/08/2009).*
- 4. As instalacións e dependencias do Concello de Cangas.*
- 5. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 6. Principais festas e eventos do municipio.*
- 7. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais.*
- 8. As praias de Cangas.*
- 9. Os aloxamentos turísticos do municipio.*
- 10. Plans de calidade turística no Concello de Cangas.*

Todos os candidatos que concorran á realización da proba, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA- Cualificación final

A cualificación final virá determinada pola puntuación obtida na proba selectiva.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na contestación ás preguntas reserva; de persistir o empate, cunha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre os/as aspirantes empatados.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios do concello a puntuación obtida polos/as aspirantes.

O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación do/a candidato/a que acadase a maior puntuación.

O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes con dereito á contratación.

OITAVA – Publicidade das bases e da convocatoria destas

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na paxina web do concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

NOVENA - Carácter das bases e incidencias

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMA.- Disposición final

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, no Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 18/12/2014 (DOG Nº 12 DE 20/01/2015)

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira.

Por medio do presente declara que se atopa en situación de desemprego, non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que còmpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2015

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.

Fotocopia cotexada do D.N.I.

Fotocopia cotexada da titulación esixida.

Xustificante acreditativo do pago das taxas.

Tarxeta de demandante de emprego en vigor.

ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS."

Advertida a Xunta de Goberno Local que o expediente non conta cos preceptivos informes de secretaría e intervención, por non ter sido entregado coa antelación suficiente para poder emitir os sinalados informes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de persoal e participación veciñal, transcrita anteriormente, referente a aprobación de bases e convocatoria de 2 prazas de técnico/a de turismo para as oficinas de turismo de Cangas.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

9.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROCEDEMENTO MONITORIO Nº 626/2013, TRAMITADO NO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE CANGAS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 22.4.15, referente ao procedemento monitorio nº 626/2013, tramitado no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas, que é como segue.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROCEDEMENTO MONITORIO Nº 626/2013, TRAMITADO NO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE CANGAS (X- 14/10)

Visto o Decreto de data 5.02.2015 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas, no procedemento monitorio nº 626/2013, instruído a instancia da Comunidade de Propietarios do Edificio Xoia, polo que se aproba a taxación de custos por importe de 847,84 euros e require ao Concello para que aboe dita cantidade.

Visto que pola intervención municipal o día 23.02.2015 se emitiu o correspondente documento contable de retención de crédito por importe de 847,84 € (nº de asiento 000611).

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de OITOCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (847,84 €), en concepto de custos procesais derivados do procedemento monitorio nº 626/2013, instruído a instancia da Comunidade de Propietarios do Edificio Xoia.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao procedemento monitorio nº 626/2013, tramitado no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas.

9.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 59/2015 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (RECURSO DE APELACIÓN Nº 4251/14)

Dase conta de sentenza nº 59/2015 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no auto de recurso de apelación nº 4251/14 e procedemento ordinario nº 395/12, promovida por "ACCIONA AGUA, S.A.U."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 59/2015 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no auto de recurso de apelación nº 4251/14 e procedemento ordinario nº 395/12, promovida por "ACCIONA AGUA, S.A.U."

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Apoio Xurídico.

URXENCIAS **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA ADQUISICIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS PARA MELLORA DAS COLECCIÓN DOS CENTROS BIBLIOTECARIOS DE CANGAS

PROPOSTA

En relación coa solicitude formulada polo Concello de Cangas ao amparo da Orde do 23 de setembro de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das colección bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e Consellería resolve conceder ao -Concello de Cangas unha axuda polo importe de 2.760,21 euros.

Visto o informe e documentación presentada pola bibliotecaria municipal do Concello de Cangas, Da Pilar Refojos Giraldez, no que fai constar que a cantidade de 2.760,21 euros foi dedicada á adquisición de fondos bibliográficos para mellora das coleccións dos centros bibliotecarios de Canga e que dita cantidade foi gastada con cargo á subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais.

De conformidade coa documentación da Intervención Municipal, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da adquisición de fondos bibliográficos para mellora das coleccións dos centros bibliotecarios de Cangas polo importe de 2.768,08 euros de conformidade co seguinte:

| Nº de factura aprobación por | Proveedor CIF | Concepto | Importe € | Data de |
|------------------------------------|---------------------------------|-------------------|------------|---------|
| Resolución Alcaldía A/10099 | Manuel Costa Bermúdez 76833091G | Data de pagamento | Libros | |
| biblioteca | | | | |
| Aldán | 533,95 | 04/03/2015 | 11/03/2015 | |
| A/1098 | Manuel Costa Bermúdez 76833091G | | Libros | |
| biblioteca | | | | |
| Cangas | 550,88 | 04/03/2015 | 11/03/2015 | |
| A/1106 | Manuel Costa Bermúdez 76833091G | | Libros | |
| biblioteca | | | | |
| Darbo | 551,79 | 04/03/2015 | 11/03/2015 | |
| A/1105 | Manuel Costa Bermúdez 76833091G | | Libros | |
| biblioteca | | | | |
| Coiro | 551,72 | 04/03/2015 | 11/03/2015 | |
| A/1104 | Manuel Costa Bermúdez 76833091G | | Libros | |
| biblioteca | | | | |
| Hío | 551,87 | 04/03/2015 | 11/03/2015 | |

3

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e expresan na tabla anterior.

Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade informe e da documentación presentada pola biblioteca Da Pilar Refojos Giráldez.

Cangas. 27 de abril de 2015
O CONCELLEIRO CULTURA

B) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE EMPRESARIAL-A MADALENA-DARBO-CANGAS"

RESOLUCIÓN

A Consellería de Economía e Industria publica a Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B).

Vistas as necesidades do Parque Empresarial do Cóncello de Cangas, os servizos técnicos municipais redactan proxecto denominado Alumbrado público no Parque Empresarial-A Magdalena-Darbo-Cangas, cum importe total de execución de 125.735,68 euros, e con base ñas atribucións que teño conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar, á Consellería de Economía e Industria unha axuda polo importe de 100.588,54 euros para a execución do proxecto denominado "Alumbrado público no parque empresarial- A Magdalena-Darbo-Cangas", cun orzamento total de 125.735,68 euros.

Segundo.- Apobar o proxecto denominado proxecto denominado "Alumbrado público no parque empresarial- A Magdalena-Darbo-Cangas", cun orzamento total de 125.735,68 euros e redactado polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez de data de abril de 2015.

Terceiro.- Comprometerse a participar no financiamento do proxecto presentado cun 20 % do seu orzamento total.

Cuarto.- Declarar que para a execución do proxecto "Alumbrado público no parque 'empresarial- A Magdalena-Darbo-Cangas", non se solicitou nin lie foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Quinto.- Declarar que o Concello de Cangas, está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.

Sexto.- Dar conta da presente resolución na próxima Xunta Local de Goberno que se celebre.

C) PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

pte. secretaria

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente